

CURSO 2021-22

PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

CEP PLURILINGÜE SALUSTIANO REY EIRAS



ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. OBXECTIVO**
- 3. PRINCIPAIS MEDIDAS**
- 4. HORARIO ESPELLO**
- 5. CONTROL DA ASISTENCIA**
- 6. CONTROL DA AVALIACIÓN**
- 7. FORMACIÓN**
- 8. INFORMACIÓN**
- 9. DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS**
- 10. APROBACIÓN**

1. INTRODUCCIÓN

Seguindo as instrucións ditadas pola **Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional** pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, publicada o 3 de novembro; a crise sanitaria da covid-19 sitúa ao conxunto da comunidade educativa ante un inédito marco de actuación, con diferentes escenarios aos que cómpre darlle solución desde as administracións públicas co obxectivo de **blindar os valores que caracterizan o noso sistema educativo, a calidade e a equidade**.

Coa finalidade de ofrecer un marco estable a alumnado, profesorado e familias no caso de corentenas ou confinamentos a Xunta de Galicia impulsa o **Plan de ensino virtual ante a covid-19**, unha folla de ruta **elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos** que permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante estas e outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

Entre outras medidas para os centros educativos establece medidas de carácter organizativo, entre as que está a elaboración dun **“Plan de Continxencia”**, no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

“O centro elaborará un Plan de Continxencia, que será aprobado pola dirección do centro no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria”

“O ensino non presencial será **impartido polo profesorado ordinario** do alumnado preferentemente a través da **aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o **seguimento do alumnado** impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer **tarefas ao alumnado** que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma”

“As **aulas virtuais** utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo”

Neste sentido, o protocolo establece o ensino virtual como **recurso en caso de corentena ou confinamento total**. Cada centro educativo, no correspondente Plan de Continxencia, recolle as medidas precisas **para desenvolver o ensino a distancia**.

2. OBXECTIVO

Proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- a interacción entre alumnado e profesor
- a realización de tarefas
- a avaliación do progreso

3. PRINCIPAIS MEDIDAS

En caso dun confinamento, parcial ou total pasariamos a ter un **horario similar ao do ensino presencial**, o chamado “**horario espello**”, empregando **ferramentas de comunicación**:

- avisos a través da paxina web do centro e de abalar,
- utilización de videoconferencias e da aula virtual do centro.

O profesorado de cada grupo ou materia conectarase na hora que se establece. Con antelación suficiente informarase as familias, ben a través da páxina web ou de abalarmobil do horario e momento de conexión para o aproveitamento do período lectivo establecido. Realizaranse as adaptacións metodolóxicas que procedan. O titor será o encargado de informar aos pais das normas para a participación nesta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación través dos medios telemáticos.

En caso dun confinamento, o centro realizará unha distribución de medios informáticos (tanto propios ou que oferte a administración), en función das necesidades do alumnado detectadas.

Este horario está especialmente dirixido para o alumnado a partir de 3º. Temos en conta aos alumnos de 1º e 2º, aínda que se reproduzca o mesmo esquema serán os pais que en estarán en contacto co profesorado no horario establecido.

Trátase de elaborar un horario no que os alumnos asistan a clase a través de videoconferencias e coa utilización da aula virtual como medio de comunicación entrega de tarefas ao alumnado e que estes actúen de xeito autónomo, aínda que precisen da axuda dos seus titores.

4. HORARIO ESPELLO

O “horario espello” está pensado para a docencia a distancia, é de obrigado cumprimento para alumnos e profesores e referencia para as familias, establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos.

Ten como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado.

Como establece a Resolución que regula esta docencia virtual haberá unha **reducción horaria de clases a un 60%, este será o tempo de comunicación para videoconferencias, e o 40% restante será para a realización de tarefas.**

A distribución do horario presencial é o seguinte 25 horas que no centro se concretan en 32 sesións de 45 minutos: 27 sesións de clase e 5 sesións de recreo. tendo en conta que os cursos impares a realizan na terceira sesión e os pares na cuarta.

Conversión á horario virtual: o alumnado tería que estar **conectado durante 15 horas semanais (60%), e 10 horas (40%) serían para a realización de tarefas..**

No suposto de estar confinada unha o varias aulas, o alumnado confinado deberá seguir co horario habitual de **9:10 a 13:50** para as especialidades do grupo pero realizando as reducións pertinentes (tanto do titor como do especialista) durante o tempo que dure o confinamento ou illamento. O profesorado tería que estar no centro impartindo os outros cursos que ten asignados, especialmente os especialistas. No horario presencial as clases son de 45 minutos, polo que o tempo de conexión serían de 27 minutos que podemos redondear en 30 minutos, Deste xeito a conexión á clase comezará 15 minutos despois do comezo da hora do horario presencial:

horario presencial	horario de conexión
9:10-10:00	9:30-10:00
10:00-10:45	10:15-10:45
10:45-11:30	11:00-11:30
11:30-12:15	11:45-12:15
12:15-13:00	12:30-13:00
13:00-13:45/50	13:15-13:45/50

Luns tarde	
15:45/50-16:35	16:05-16:35
16:35-17:25	16:50-17:20

Hai que ter en conta que tanto na hora de entrada como a de saída hai un período de flexibilización de 5 minutos polo que sempre se pode recortar este tempo. Os luns aínda que o horario oficial serían sesións de 50 minutos realmente con esta flexibilización se convirten en sesións de 45.

O tempo restante das sesións no que os alumnos non están en videconferencia, deberá adicarse a traballo individual. As tarefas a realizar explicaranse durante a sesión virtual e/ou na aula virtual do centro.

Para aproveitar o tempo, e a conexión o titor que soe ter varias sesións continuas pode xuntar estas e deixar o tempo sen coexión de forma continua para a realización de tarefas.

O horario de atención aos pais manteríase no mesmo horario dos luns pola tarde de xeito virtual e previa cita en comunicación por correo electrónico ou abalarmóbil.

5. CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA

O alumnado debe cumprir os horarios indicados, en caso de falta os pais comunicarán a circunstancia ao titor/a, que anotará as faltas no programa informático XADE, de igual xeito que si fora clase presencial.

6. CONTROL DA ASISTENCIA

A avaliación do alumnado realizarase tanto dos contidos presenciais como virtuais que se impartiran no período de confinamento.

7. FORMACIÓN:

Durante os meses de setembro e outubro entrou en funcionamento a aula virtual do centro e tanto o profesorado como o alumnado xa teñen unha competencia dixital para realizar o traballo a través desta se fora necesario. Actualmente no horario presencial estase traballando tamente coa aula virtual polo que non sería ningún problema o seguimento das

clases a través desta. En 5º nivel estamos dentro do proxecto Edixgal, con libros dixitais a través da plataforma de ensino virtual de aprendizaxe (EVA).

8. INFORMACIÓN:

En caso de confinamento, ben total ou parcial, informárase aos pais que se pasa a este plan de ensino virtual con comunicación que se porá tanto na páxina web do centro como a través de abalarMóbil, indicando que se pasa a realizar o horario establecido neste plan e indicándolles aos pais/nais/titores da obriga de asistencia dos nenos as clases así como das tarefas que o profesorado impartirá

9. DISTRIBUCIÓN DE MEDIO INFORMÁTICOS

Desde o centro temos feita unha relación do alumnado que ten dificultades de acceso aos recursos informáticos, ben porque non teñen equipos adecuados ou ben porque non teñen conexión. Neste caso repartimos algúns ordenadores portátiles que ten o centro, aínda que a maioría deles son antigos e funcionan bastante lentos. Formateamos algúns deles e intentouse instalar o sistema operativo que podían soportar.

Unha vez confinados o centro solicitará á Consellería os equipos necesarios para poder cubrir todas as necesidades.

10. APROBACIÓN

Este plan foi elaborado polo equipo directivo ao inicio do curso 21/22, informado o profesorado e aprobado pola dirección do centro o día no claustro e Consello escolar celebrados no mes de outubro e enviado á inspección para a súa supervisión e autorización definitiva.

Será publicado na páxina web do centro e informárase ao pais individualmente a través da aplicación AbalarMóbil.